

Resolución do 29 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión mixta paritaria do convenio colectivo autonómico de pompas fúnebres, relativo á aprobación da táboa salarial para o ano 2010.

Visto o acordo polo que se aproba a táboa salarial para o ano 2010, que subscribiu a comisión mixta paritaria do convenio colectivo autonómico de pompas fúnebres, na xuntanza que tivo lugar o 15 de xaneiro de 2010, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición da dita revisión salarial no Rexistro Xeral de Convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Tercero.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2010.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

ANEXO

Acta da comisión paritaria do convenio colectivo autonómico de pompas fúnebres

En Santiago de Compostela, ás once horas do día quince de xaneiro de dous mil dez, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, sito na rúa Algalia de Abaixo, 24-baixo, reúnense as persoas abaixo sinaladas, en presenza do presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, Demetrio Fernández López, que forman parte da comisión paritaria do convenio colectivo autonómico de pompas fúnebres.

-Representación empresarial.

En representación da *Asociación Gallega de Empresas de Servizos Funerarios*:

Fernando Ruíz Posse.

José Luis Varela Tabarés.

Pedro de Diego Olavarrieta.

-Representación social.

UGT Galicia.

Pedro Pablo López Fernández.

Antonio Gómez Vila.

Serafín Álvarez Seoane.

O motivo desta xuntanza é a fixación do incremento salarial que se aplicará nas táboas salariais do convenio colectivo para o sector de pompas fúnebres de Galicia para o ano 2010.

As representacións presentes na comisión paritaria do convenio colectivo para o sector de pompas fúnebres de Galicia, logo da exposición daquelas consideracións e argumentacións que consideraron oportunas en defensa das súas pretensións, e tras un longo debate, alcanzan o seguinte acordo:

O recollido no texto do convenio colectivo de pompas fúnebres de Galicia sinala para o ano 2010 un incremento salarial de IPC previsto máis dous puntos. De cara a concretar o IPC previsto, esta comisión paritaria atense ao disposto no artigo 48 do Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, en relación coa sentenza da Sala do Social da Audiencia Nacional do 21 de maio de 2009 (Sentenza núm. 43/2009). Para estes efectos, sinalase como IPC previsto o 1%, fixado pola Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010 para incrementar as pensións públicas.

As táboas salariais para o ano 2010 increméntanse, polo tanto, nunha contía total do 3%, e quedan do seguinte xeito:

Táboas salariais 2010 (salario bruto anual)

Categorías	Salario
Xefe administrativo	19.364,53
Oficial adm. 1ª	15.636,86
Oficial adm. 2ª	14.737,60
Aux. adm.	13.686,66
C. funerario 1ª	15.636,86
C. funerario 2ª	13.686,66
C. funerario 3ª	12.728,59
Azafata	13.686,66
Mant. e limpeza	12.728,59

E non tendo máis asuntos que tratar, finaliza a reunión, ás doce horas do día sinalado no encabezamento, e redáctase para o efecto esta acta, que asinan todos os asistentes en proba de conformidade.

Resolución do 29 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da comisión mixta paritaria do convenio colectivo galego de editoriais, relativo á aprobación da táboa salarial para o ano 2010.

Visto o acordo polo que se aproba a táboa salarial para o ano 2010, que subscribiu a comisión mixta paritaria do convenio colectivo galego de editoriais, na xuntanza que tivo lugar o 20 de xaneiro de 2010, e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do

Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo.

A Dirección Xeral de Relacións Laborais

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a inscrición da dita revisión salarial no Rexistro Xeral de Convenios desta dirección xeral.

Segundo.-Remitir o texto orixinal ao correspondente servizo deste centro directivo.

Tercero.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2010.

Odilo Martiñá Rodríguez
Director xeral de Relacións Laborais

ANEXO

En Vigo, na sede da *Editorial Galaxia, S.A.*, ás 10.30 horas do día 20 de xaneiro de 2010, coa asistencia de Pilar Sampil Sanchez e Carlos del Pulgar Sabín, en representación da *Asociación Galega de Editores* e de Fernando Fernández González e Jesús Costa Argibay, en representación do Sindicato Confederación Intersindical Galega (CIG), ten lugar a reunión da comisión mixta paritaria do convenio galego de editoriais, coa seguinte orde do día:

1º.-Táboa salarial ano 2010.

Adoptanse os seguintes acordos:

1º.-Táboa salarial ano 2010.

Consonte os artigos 48º.-Salario mínimo anual, 49º.-Salario Base, 50º.-Complemento lineal, 51º.-Gratificacións extraordinarias e 52º.-Paga de beneficios, do convenio colectivo galego de editoriais, establécese que:

Con efecto desde o 1 de xaneiro de 2010, a comisión mixta paritaria do convenio colectivo galego de editoriais acorda proceder ao aumento do salario mínimo anual, no IPC real do ano 2009 que para Galicia calculase o Instituto Nacional de Estatística, 0,9% máis 0,25%, consonte a táboa salarial anexa .

O que, de conformidade con esta acta, asinamos en Vigo, o 20 de xaneiro de 2010.

Pola organización sindical CIG:

Jesús Costa Argibay

Fernando Fernández González

Pola *Asociación Galega de Editores*:

Pilar Sampil Sánchez

Carlos del Pulgar Sabín

Convenio Galego de Editoriais
Salario mínimo anual ano 2010
Incremento salarial do 1,15%

Nivel salarial	Salario base mensual	Salario base 14 mensualidades	Paga de beneficios	Complemento lineal	Salario mínimo anual
1	1.744,59 €	24.424,33 €	1.977,21 €	4.148,43 €	30.549,97 €
2	1.386,73 €	19.414,16 €	1.571,62 €	4.148,43 €	25.134,22 €
3	1.342,00 €	18.787,97 €	1.520,93 €	4.148,43 €	24.457,33 €
4	1.252,53 €	17.535,42 €	1.419,53 €	4.148,43 €	23.103,39 €
5	1.163,06 €	16.282,88 €	1.318,14 €	4.148,43 €	21.749,46 €
6	1.073,60 €	15.030,34 €	1.216,74 €	4.148,43 €	20.395,52 €
7	1.028,87 €	14.404,14 €	1.166,05 €	4.148,43 €	19.718,63 €
8	939,40 €	13.151,60 €	1.064,65 €	4.148,43 €	18.364,69 €
9	894,66 €	12.525,26 €	1.013,95 €	4.148,43 €	17.687,65 €
10	849,93 €	11.899,06 €	963,26 €	4.148,43 €	17.010,76 €
11	760,48 €	10.646,66 €	861,87 €	4.148,43 €	15.656,97 €
12	657,58 €	9.206,07 €	745,25 €	4.148,43 €	14.099,75 €
13	599,43 €	8.391,95 €	679,35 €	4.148,43 €	13.219,73 €

INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO

Resolución do 22 de febreiro de 2010 pola que se convoca a fase autonómica do concurso de premios sobre consumo responsable e calidade de vida: Consumópolis 5: Ti, de que vas? A min mórame o consumo responsable.

Segundo se dispón na Lei 8/1994, do 30 de decembro, de creación do Instituto Galego de Consumo, unha das funcións deste organismo é a de impulsar a formación da cidadanía como persoas consumidoras e usuarias, propoñéndolles aos organismos competentes a adopción de programas de educación para o consumo nas distintas etapas e niveis do ensino e realizar as actuacións necesarias para asegurar que a dita formación sexa permanente.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), fai referencia á concepción da educación como instrumento de mellora da condición humana e da vida colectiva é a necesidade de ofertar ao alumnado unha formación que permita dar resposta ás cambiantes necesidades e ás demandas que presentan as persoas e os grupos sociais.

A educación para o consumo é fundamentalmente unha educación social e cidadá, que incide na comunidade e representa un medio para avanzar cara a unha cidadanía máis crítica, autónoma, consciente dos seus dereitos e responsabilidades, que lles permita actuar nunha sociedade globalizada e cambiante.

Promover a educación para o consumo nos centros educativos da comunidade autónoma é, polo tanto, un interese do Instituto Galego de Consumo, co obxecto de que o alumnado desenvolva as competencias que lle permitan exercer os seus dereitos como persoas consumidoras, actuando no mercado de forma autónoma, responsable e solidaria.

En consonancia con estes principios, o Instituto Galego de Consumo participa na organización do